

Folgo do Courel, 10 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2868

### Anuncio

De conformidade cos artigos 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e artigo 20 do Real Decreto 500/1990, o Concello Pleno en sesión ordinaria de data 31 de agosto de 2018 aprobou inicialmente a modificación da base 12ª das bases de execución do orzamento, no referente ás subvencións nominativas, que resultou definitiva ao non terse presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público a base 12ª das bases de execución do orzamento de 2018, no referente ás subvencións nominativas, que queda redactada nos seguintes termos:

#### **“Base 12ª.- Concesión e pagamento de subvencións.-**

*1. Establécense a seguintes subvencións nominativas de conformidade co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:*

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Beneficiario</i>	<i>Actividade subvencionable</i>	<i>Importe</i>
323.48	<i>CPI Poeta Uxío Novoneyra Q2768018J</i>	<i>Actividades complementarias e extraescolares 2018</i>	500,00
323.48	<i>Asociación de Pais e Nais de Alumnos G27161249</i>	<i>Actividades 2018</i>	2.716,00
432.48	<i>Universidade de Santiago de Compostela Q1518001A</i>	<i>Xornada de agroecoloxía “Unha montaña de oportunidades” na Estación Científica do Courel</i>	500,00
432.48	<i>Universidade de Santiago de Compostela Q1518001A</i>	<i>Seminario o Patrimonio Cultural do Courel na Estación Científica do Courel</i>	500,00 €
432.47	<i>Matriuska Producciones S.L. B36486140</i>	<i>Producción da película ¿Qué hicimos mal? rodada en parte no Concello de Folgo do Courel</i>	300,00 €
334.48	<i>Asociación de Desarrollo Rural Serra do Courel G-27237494</i>	<i>Proxecto Courel Son 2018</i>	500,00 €

(...)”

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgo do Courel 10 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2873

## A FONSAGRADA

### Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 09.10.2018, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de setembro de 2018 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 9.509,29 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 823,20 €.